



**PROCEDEMENTO:**

Proceso electoral 2018-2022 da federación galega de hoquei. Artigo 57.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, do Deporte de Galicia.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** A Federación Galega de Hoquei, na Asemblea Xeral Extraordinaria do 28 de xuño de 2018, aprobou o Regulamento electoral para a elección de membros á asemblea xeral, presidente e Comisión delegada e o calendario electoral. Na mesma asemblea xeral nomeáronse membros Xunta Electoral:

Carlos Vaquero Lorenzo.  
M<sup>a</sup> del Pilar Pajarín González.  
Ana Belén Taboada.

Os membros constituíronse en xunta electoral o 6 de setembro de 2018 coa seguinte composición

PRESIDENTE: Carlos Vaquero Lorenzo.  
SECRETARIA: M<sup>a</sup> del Pilar Pajarín González.  
VOGAL: Ana Belén Taboada.

**Segundo.** O 3 de setembro de 2018 a secretaria xeral para o Deporte aprobou o regulamento electoral para a elección a membros da asemblea xeral, presidente e Comisión delegada da Federación Galega de Hoquei e o calendario electoral.

**Terceiro.** O 4 de setembro nomeouse a Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei coa seguinte composición:

PRESIDENTE: Antonio Piñeiro Fernández.  
SECRETARIO: Antonio Posada Prieto.  
TESOUREIRO: Carmen Blanco Blanco.  
VICEPRESIDENCIA: Alberto Beiras Casas.  
VOGAIS:

Yolanda Casanova Eitor.  
Cristina Piñeiro Losada.  
Pegerto Piñeiro Fernández.  
Jaime Amorín Gomez.  
Antonio Uruburu Ventura.





**Cuarto:** O 4 de decembro o Comité Galego de Xustiza Deportiva dita resolución no expediente electoral 101/2018. En dita resolución se di, entre outros extremos, “.....Con todo, no presente caso, como se desprende do propio escrito da xunta electoral de 28 de novembro de 2018, o proceso electoral na Federación Galega de Hoquei desenvolveuse dun modo extraordinariamente anormal. E este Comité debe sinalar expresamente que as circunstancias anormais non foron tanto o número de recursos presentados ante este Comité contra as decisións da xunta electoral, que efectivamente fórono nun número significativo (22) e sen completar o proceso, senón o comportamento da mesma xunta electoral que entorpeceu de materia notoria o dereito dos recorrentes a obter unha resolución estimatoria ou desestimatoria das súas pretensións. E tamén entorpecendo a propia actividade deste Comité, dilatando de xeito abusivo a tramitación dos recursos utilizando a partires dun determinado momento o sistema de non recepción das providencias ata pasados os 10 días que dá a aplicación telemática das notificacións, e iso malia que simultaneamente recibe un correo electrónico avisando da existencia da notificación; ou simplemente deixa caducar a notificación, non remite os expedientes e recorre en reposición as propias resolucións deste Comité, etc. Actitudes todas que máis aló do socorrido recurso á falta de medios revelan dun xeito claro a falta de idoneidade, e incluso da necesaria obxectividade, da xunta electoral para ser a que xestione o novo calendario e, en xeral, a continuidade do proceso electoral, practicamente xa de imposible conclusión antes do 31 de decembro de 2018 como tiña previsto o art. 15.3 do Decreto 16/2018, obriga que a xunta electoral tiña de facer todo o posible por cumprir.”

“....Por outra banda, tamén se presentaron recursos contra decisións da comisión xestora por extralimitación das súas funcións en relación co art. 4.1 do Decreto 16/2018 (expediente 119/2018) ou sobre a súa propia composición, ao manterse na mesma membros que conforme ao art. 3.2 Decreto 16/2018 tiñan que cesar ao presentar a súa candidatura á asemblea xeral (expediente 123/2018)”.

“Ante todo iso, este Comité considera que se dan as circunstancias previstas no art. 57.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril do deporte de Galicia, de incumprimento grave por parte da comisión xestora e da xunta electoral dos deberes legais que ambos órganos deben observar no proceso electoral na Federación Galega de Hockei, polo que a xuízo desde Comité procede que por parte da Secretaría Xeral para o Deporte se asuma en exclusiva as funcións da comisión xestora e da xunta electoral da federación a fin de garantir unha adecuada xestión da mesma durante este período transitorio, así como unha continuidade e conclusión do proceso electoral. A tales efectos, darase traslado desta





resolución á Secretaría Xeral para o Deporte para que no exercicio das súas competencias adopte as decisións que estime procedentes.”

**Quinto:** O 24 de outubro de 2018 a Secretaría Xeral para o Deporte remitiu á Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei un requirimento de achega dun formulario destinado á realización dun estudo dos custes reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas galegas. Este estudo é consecuencia da proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia do 16 de maio de 2018 que instaba á Xunta de Galicia a realizar ese estudo co fin de adecuar a financiación destes custes á súa realidade. Transcorrido o prazo de 15 días hábiles para a achega dos datos solicitados se lle realizou un segundo requirimento que, a día de hoxe, non esta contestado.

A Federación Galega de Hockei é unha das federacións deportivas seleccionadas no plan de auditorías de contas anuais do exercicio económico do ano 2017. A día de hoxe esta secretaría xeral para o Deporte non dispón da auditoría. A empresa auditora traslada a falta de colaboración da Comisión Xestora da federación e que a pesar de ter solicitado unha serie de documentación, esta non lle foi facilitada o que lle impide levar a cabo o traballo encomendado.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A competencia para adoptar a presente resolución correspóndelle á Secretaria Xeral para o Deporte, segundo o disposto no artigo 5.1. letra j), o artigo 56.4 letra e) e o artigo 57.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, do deporte de Galicia.

2. O artigo 5.1 letra j) da Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, establece que é competencia exclusiva da administración autonómica “j) Coordinar e tutelar as federacións deportivas galegas no exercicio das **funcións públicas que teñen delegadas**, e iso sen menoscabo da súa actividade privada.”

3. A Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, no seu artigo 51.4, expresamente di que as federacións son **axentes colaboradores** da Secretaría Xeral para o Deporte que actúan baixo a súa tutela e coordinación: “As federacións deportivas galegas, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exercen, en virtude desta lei, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4.





Son funcións delegadas aquelas funcións públicas de carácter administrativo que se exercen por delegación. Neste caso, as federacións actuarán como axentes colaboradores da Administración baixo a súa tutela e coordinación."

4. Entre as funcións públicas delegadas que exercen as federacións deportivas está a de "Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.", tal como establece a letra e) do artigo 56.4 da lei do Deporte de Galicia.

5. Por último o artigo 57.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, "Nos casos de notoria inactividade ou abandono de funcións ou abuso de poder por parte dunha federación, ou dos seus órganos, que supoña incumprimento grave dos seus deberes legais ou estatutarios, a Administración autonómica poderá asumir en exclusiva as funcións da federación para que se restaure o seu funcionamento legal e regular. Para estes efectos, se fose necesario, nomearase unha comisión xestora e convocarase eleccións. De non ser posible o seu nomeamento ou de non alcanzar a súa finalidade, disolverase a federación e cancelarse a inscrición rexistral."

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaría Xeral

### **Resolve:**

**Primeiro:** Asumir en exclusiva as funcións da federación galega da Hoquei durante o actual proceso electoral e ata que se elixa e tome posesión o novo/a presidente/a da federación.

**Segundo:** Cesar á Comisión Xestora constituída o 4 de setembro de 2018.

**Terceiro:** Nomear a nova Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei coa seguinte composición:

PRESIDENTE: Alberto Estévez Franco.  
SECRETARIO: Francisco Caseiro Suarez.  
VOGAL: Arturo Castrillo Escobar.





As súas funcións as exercerá dende o día seguinte á notificación da presente resolución e ata o día da toma de posesión do novo/a presidente/a da federación galega de hoquei.

Conforme ao artigo 4 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, a Comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a Federación durante o proceso electoral, non poderán realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediateamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas previsións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da Federación e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.

Coa supervisión e autorización da Secretaria Xeral para o Deporte deberá adoptar as medidas imprescindibles para evitar poñer en risco o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva da Federación Galega de Hoquei.

**Cuarto:** Cesar a Xunta Electoral nomeada o 28 de xuño de 2018 e constituída o 6 de setembro de 2018.

**Quinto:** Nomear a Xunta Electoral da Federación Galega de Hoquei coa seguinte composición:

PRESIDENTE: Alberto Estévez Franco.

SECRETARIO: Francisco Caseiro Suárez.

VOGAL: Arturo Castrillo Escobar.

O mandato das persoas membros da Xunta Electoral finalizará coa toma de posesión do novo/a presidente/a Federación Galega de Hoquei. Na primeira asemblea xeral que se celebre elixirase á xunta electoral cuxo mandato será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral.

A presente resolución notificarase aos interesados, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do





Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 / 1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela  
A secretaria xeral para o Deporte.  
Marta Míguez Telle.

